

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO PLURILINGÜE DE AMES

PROXECTO DIDÁCTICO

FRANCÉS

Curso 2021-2022

DEPARTAMENTO DE LINGUA E CULTURA FRANCESAS



ÍNDICE

1. Introducción e contextualización
2. Escenarios posibles na nova situación
 - 2.1. Non presencial
3. Obxectivos xerais
4. Contribución ao desenvolvemento dos coñecementos chave (CC)
5. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior
6. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas
7. Concrecións
 - 7.1. Aprendizaxes e coñecementos non impartidos no curso anterior
 - 7.2. Educación Secundaria Obligatoria
 - 7.2.1. Nivel Inicial A1 (1º/2º ESO)
 - 7.2.2. Nivel Medio A2 (3º/4º ESO)
 - 7.2.3. Nivel Avanzado B1 (1º/2º BAC)
8. Concrecións metodolóxicas
9. Materiais e recursos didácticos
10. Criterios de cualificación e avaliación
11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe
12. Deseño da avaliación inicial
13. Medidas de Atención á Diversidade
14. Concreción dos elementos transversas



15. Actividades complementarias e extraescolares

16. Mecanismos de revisión, avaliación e de modificación da Programación Didáctica

17. Plan Lector





1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No curso 2021-2022, o Departamento de Francés estará composto por dous docentes: Maria Isabel Prieto Ares, (xefa de departamento) e Xabier Ron Fernández ambos con destino definitivo no IES Plurilingüe de AMES.

O departamento elaborou esta programación segundo a normativa vixente, con especial énfase no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e polas instrucións contidas na Resolución do 11 de maio de 2018 (DOG nº 96, de 22 de maio de 2018)

A perspectiva docente vén dada polas indicacións e recomendacións que ofrece o marco común europeo de referencia para as linguas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo, que abreviamos coas siglas MCERL) e coa perspectiva crítica que achega a experiencia docente, que ancora a súa realidade nunha praxe da que as perspectivas teóricas das normativas se afastan en grao sumo.

Revisáronse os contidos mínimos e os criterios de cualificación na ESO e no Bacharelato en función dos resultados acadados no curso pasado e diferenciando os criterios de xuño dos de setembro. Acordáronse os criterios de recuperación da materia pendente e figuran na programación, onde están incluídas as medidas de recuperación do alumnado con dificultades e/ou que non promociona, a nosa contribución ao plan de convivencia, o proxecto lector e o plan de integración das TIC, respectando as liñas propostas polo grupo de traballo da biblioteca e polo centro. En todo caso cómpre subliñar que tanto a lectura en todas as súas variantes como as TIC están presentes dende hai tempo no ensino das linguas estranxeiras. Máis aló do cumprimento da normativa legal, a importancia da lectura e do uso das TIC como ferramenta parécelle positivo a este departamento. Pero segue a formular a necesidade por parte das instancias superiores dun esforzo financeiro importante para completar as dotacións dos centros.



Desde un punto de vista metodolóxico, aínda que hai grupos-clase que superan o número ideal para iso, o enfoque será comunicativo, estimulando ao alumnado para progresar na aprendizaxe da lingua francesa.

Procurarase:

Facer máis fluídas as relacións na clase mediante a participación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Potenciar a aprendizaxe autónoma.

Interesar ao alumnado con temas suxestivos.

Estimular ao alumnado coa proposta de actividades participativas.

Realizar un tratamento equilibrado das catro destrezas para practicar tanto a comprensión como a expresión oral e escrita.

Deseñar actividades que ancoren a súa perspectiva no tratamento de temas culturais e sociais importantes para o desenvolvemento dunha cidadanía crítica.

Datos do departamento

Cursos e grupos de Francés 2º Idioma

1º da ESO : 7 grupos (151), que achegan un total de 14h de docencia

2º da ESO : 6 grupos (141), que achegan un total de 10h de docencia

3º da ESO : 2 grupos (63), que conforman un total de 6h de docencia

4º da ESO : 1 grupo (9), para un total de 3 horas de docencia

1º de Bacharelato : 1 grupo (18), que supoñen 2 horas de docencia

2º de Bacharelato: 1 grupo (5), con 3 horas de docencia

Total alumnado que cursa francés: **387 alumnas e alumnos**



Distribución das **38 horas de docencia** do Departamento:

Xabier Ron	Sabela Prieto		Docencia
6	8		1º ESO
4	8		2º ESO
4	0		3º ESO
3	0		4º ESO
0	2		1º BAC
3	0		2º BAC
20	18		TOTAL

2. ESCENARIOS ALTERNATIVOS AO ENSINO PRESENCIAL

Tendo en conta a situación sanitaria que estamos a vivir, aínda que as perspectivas neste sentido indican que o curso vaise desenvolver con certa normalidade, o seminario contempla a posibilidade dun confinamento.

De ser un confinamento de tipo individual, o profesorado do Departamento tentará que ese alumno ou alumna realice o traballo que se estima realizará o grupo-clase. Así, non existirá ningún tipo de desaxuste entre os dous escenarios docentes e discentes. Se o confinamento é de dúas semanas académicas, isto é, entre 4 e 6 sesións de docencia en función do curso, as actividades e as tarefas deberán ter en conta as sesións correspondentes e o ritmo de docencia previsto.

Desde o inicio do presente curso, estase comunicando ao alumnado a importancia da aula virtual e do blog de lingua francesa para o seguemento das actividades docentes no caso de chegar un confinamento que obrigue ao ensino



non presencial. Estase realizando un traballo de concienciación da importancia de non pensar que un confinamento é un pretexto para desconectar do proceso de aprendizaxe.

De xeito paralelo, estase recompilando toda a información necesaria para o mantemento dunha correcta comunicación co alumnado e as súas familias, así como determinar quen pode presentar problemas para o axeitado seguemento do proceso de aprendizaxe a distancia e deseñar os mecanismos oportunos para suplir a eiva da mellor maneira posible e máis operativa para o alumno ou alumna en cuestión. Eses mecanismos non poden xirar de xeito exclusivo ao redor do ordenador e internet, senón que o profesorado poderá entregar en formato papel todo o necesario para que o alumno ou alumna realice as súas tarefas discentes.

No mesmo momento en que se verifique o confinamento dun alumno ou alumna xa estarán aloxados na aula virtual e no blog todas as explicacións pertinentes para poder desenvolver as mesmas tarefas e entender os mesmos conceptos ca o seu grupo-clase.

Loxicamente, de ser o confinamento de toda a aula, o proceso pasaría a desenvolverse de forma non presencial e coas mesmas bases metodolóxicas de sempre facer o traballo conforme ás sesións reais de clase que o grupo en cuestión ten. A planificación concreta dependerá do tempo real, polo tanto, de confinamento, xa que, de ser un tempo superior ás dúas semanas, a planificación debe contemplar a forma de avaliar o traballo que se realiza. A tales efectos, lembramos a tipoloxía das actividades:

A) De comprensión oral:

- Breves audios para mellorar a fonética da lingua francesa (A1)
- Breves documentais audiovisuais (A2, B1)
- escoita comprensiva de cancións (A2, B1)

B) De expresión oral:

- Audios en que se realice a lectura do libriño previsto para o curso (A1, A2, B1)
- Audios en que se realicen tarefas relacionadas coa expresión traballada a través das actividades (A2, B1)
- Realización de pequenos vídeos que exploten a expresión traballada nas actividades (A1, A2, B1)



C) De comprensión escrita:

- Lectura de textos de distinta tipoloxía a resposta a preguntas de comprensión (A1, A2, B1)
- Análise de fait divers (A2, B1)
- Realización de actividades de parafrase e resumo de textos (B1)

D) De expresión escrita:

- Elaboración de textos breves onde se empreguen os mecanismos traballados nas actividades (A1, A2, B1)
- Realización de actividades de redacción e resumo de textos (B1)

E) Actividades de verificación e avaliación a través de probas adaptadas ao contexto dixital e de ensino non presencial (A1, A2, B1)

3. OBXECTIVOS XERAIS

ESO	OBX.	BACHARELATO
Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	a	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.



<p>Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>	<p>b</p>	<p>Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>
<p>Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como os estereotipos que supoñan discriminación e violencia entre homes e mulleres.</p>	<p>c</p>	<p>Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>
<p>Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</p>	<p>d</p>	<p>Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>
<p>Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p>	<p>e</p>	<p>Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.</p>



<p>Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p>	<p>f</p>	<p>Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.</p>
<p>Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>g</p>	<p>Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.</p>
<p>Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>	<p>h</p>	<p>Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.</p>
<p>Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.</p>	<p>i</p>	<p>Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.</p>
<p>Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p>	<p>k</p>	<p>Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</p>



<p>Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.</p>	<p>I</p>	<p>Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.</p>
<p>Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.</p>	<p>m</p>	<p>Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</p>
<p>Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>	<p>n</p>	<p>Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.</p>
<p>Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>	<p>o</p>	<p>Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</p>



	p	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
	q	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DOS COÑECEMENTOS CHAVE¹

Comunicación lingüística (CCL)

Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.

Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.

Ser capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación.

Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.

¹ Se ben a literatura oficial, sobre todo a que se deu nos seus inicios, non deixaba de enxalzar as bondades das 'competencias', o certo é que a súa procedencia é máis que sospeitosa xa que obedece aos desexos da OCDE, unha organización para nada dedicada ás tarefas educativas e pedagóxicas. Ademais desta procedencia do eido competitivo do capitalismo, a noción non é quen de suplir a forza educativa e pedagóxica que posúe o termo 'coñecemento', que vai máis aló da simple noción de saber e abrangue e engule á propia 'competencia'.



Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece o alumnado.

Coñecemento en comunicación dixital (CCD).

Acceder a todo tipo de información que se pode encontrar en francés.

Utilizar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, en intercambios planificados con centros educativos de Francia.

Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.

Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

Coñecemento das técnicas de aprendizaxe (CTA)

Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.

Ser consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc. para afrontar o reto da aprendizaxe.

Coñecemento social e cultural (CSC).

Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.

Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.



Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.

Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender de e cos demais.

Conciencia, convivencia e expresións culturais (CCEC).

Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron desde distintas áreas á manifestación artística.

Expresar en francés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.

Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.

Realizar representacións de simulacións e narracións.

Apreciar a diversidade social como unha manifestación natural da humanidade e da propia convivencia en sociedade.

5. CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS DURANTE O CURSO ANTERIOR

En realidade, a actuación do Dpto de Francés durante o confinamento, así como a elaboración da adaptación didáctica e pedagóxica correspondente, permitiu minimizar o impacto dos coñecementos e das aprendizaxes relevantes. Optamos por este cualificativo, xa que nos esperta moitas dúbidas suxire o de 'imprescindible', xa que unha selección óptima dos



coñecementos e aprendizaxes **necesarios** para introducirse e afondar nos rudimentos dunha lingua estranxeira permite moi ben minimizar o alcance do que *a priori* -ás veces sen moito fundamento- se considera **imprescindible**. Nada é imprescindible cando o enfoque pedagóxico e didáctico prima o **carácter de necesidade** e, sabedores no Dpto do que acontecería en setembro de 2020, deseñamos un inicio de curso centrado, durante a primeira avaliación do presente curso académico, na recuperación de coñecementos e aprendizaxes non abordados de maneira directa e afondada. A estratexia é, en certo modo de circularidade por intersección e avance paseniño. Os conceptos novos non tratados no curso anterior introdúcense a través dos coñecementos e aprendizaxes necesarios si tratados.

No que segue incorporamos os aspectos que decidimos non incorporar no curso anterior:

A1 (1º/2º ESO)

Bloque 1. Comprensión oral

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC</p>	<p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p>
<p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD</p>	<p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>



Bloque 2. Expresión oral

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.	CCL / CTA / CCEC / CCD	SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.
B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito	CCL / CTA / CCEC / CCD	SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.
B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.	CCL / CTA / CCEC	SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.

Bloque 3. Comprensión escrita

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
--------------------------------	---------------------------	----------------------------------



B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.	CCL / CTA / CCEC	SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.
B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.	CCL / CTA / CCEC / CCD	SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.

Bloque 4. Expresión escrita

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.	CCL / CTA / CCEC / CCD	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.
B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.	CCL / CTA / CCEC / CCD	SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.

Bloque 5. Coñecemento da lingua, consciencia intercultural e plurilingüe

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
--------------------------------	---------------------------	----------------------------------



<p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD</p>	<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>
<p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD</p>	<p>SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>
<p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD</p>	<p>SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

A2 (3º / 4º ESO)

Bloque 1. Comprensión oral

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
-------------------------	--------------------	---------------------------



<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas</p>
<p>B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p>
<p>B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>



<p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>
--	-------------------------------	---

Bloque 2. Expresión oral

<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Coñecementos chave</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>
<p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD</p>	<p>SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p>
<p>B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD</p>	<p>SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>



B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.	CCL / CTA / CCEC / CCD	SLEB2.5. Exprésase de maneira simple e correcta á hora de elaborar un texto oral en que se presente e identifica, de forma axustada ao que se lle solicita.
---	------------------------	--

Bloque 3. Comprensión escrita

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.	CCL / CTA / CCEC / CCD	SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente)
B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.	CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

Bloque 4. Expresión escrita

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
--------------------------------	---------------------------	----------------------------------



<p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>
<p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>

Bloque 5. Coñecemento da lingua, consciencia intercultural e plurilingüe

<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Coñecementos chave</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>
<p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>
<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas</p>



<p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
<p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>

B1 (1º/2º BAC)

Bloque 1. Comprensión oral

<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Coñecementos chave</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>
<p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p>



<p>B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>
<p>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.</p>

Bloque 2. Expresión oral

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
-------------------------	--------------------	---------------------------



<p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as nestratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</p>
<p>B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicacióalumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</p>
<p>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelo ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</p>



Bloque 3. Compresión escrita

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
<p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC / CCD</p>	<p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).</p>
<p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.</p>
<p>B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p>



Bloque 4. Expresión escrita

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC / CCD</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</p>
<p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC / CCD</p>	<p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>
<p>B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CCD / CSC</p>	<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p>

Bloque 5. Coñecemento da lingua, consciencia intercultural e plurilingüe

Criterios de avaliación	Coñecementos chave	Estándares de aprendizaxe
-------------------------	--------------------	---------------------------



<p>B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p>	<p>CCL / CTA / CCEC / CSC</p>	<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>
a b c f	<p>B4. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. – Execución: – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturação do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos 	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal</p>	<p>CCL CTA CSC CCEC CCD</p> <p>CCL CTA CSC CCEC CCD</p> <p>CCL CTA CSC CCEC CCD</p> <p>CCL CTA CSC CCEC CCD</p>	<p>Produción de textos sinxelos que respecten as indicacións inducidas da situación de comunicación.</p>	<p>Elaboración de textos sinxelos adaptados á situación de comunicación que se recrea.</p>
------------------	--	--	--	---	--	--





<p>A b c f p</p>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. - Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesia propias da súa idade e de rexistros</p>	<p>B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulara en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.</p> <p>B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos,</p>	<p>CCL CTA CSC CCEC</p> <p>CCL CTA CSC CCEC</p> <p>CCL CTA CSC CCEC</p> <p>CCL CTA CSC CCEC CCD</p> <p>CCL CTA CSC CCEC</p>	<p>Pronuncia con corrección.</p> <p>Escribe con corrección, respectando as normas da lingua francesa</p>	<p>Observación na aula e en situación recreadas no exterior.</p> <p>Produción de textos que recrean unha determinada situación.</p>
----------------------------------	--	---	---	---	--	---



8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O enfoque metodolóxico debe ser comunicativo, nocional e funcional, centrado no alumnado, considerando mesmo os avances en neurodidáctica e en pedagogía. Mais non existe un método pedagóxico único para aprender unha lingua estranxeira. Convén manter unha posición ecléctica. A elección do método dependerá das circunstancias concretas de cada caso. O profesorado debe aconsellar e axudar ao alumnado, planificar os obxectivos de cada clase atendendo ás súas peculiaridades. Debe promover valores educativos que contribúan á formación integral do alumnado.

Como se reafirma nas instrucións do MCERL deberase concibir a aula como un espazo onde se traballen e expliquen situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel. Por iso, o alumnado debe ter unha parte activa no desenvolvemento de todas as actividades, e debe inspirar os traballos e proxectos a realizar. En determinadas accións pedagóxicas o paseo pola contorna ou polas dependencias do centro permitirá vivir as estratexias de aprendizaxe.

A base pedagóxica de cada unidade é dual. Por unha banda, un método deductivo inducido, onde os conceptos son introducidos a través de casos que permiten unha aprendizaxe significativa de tipo progresivo. Por outra banda, a perspectiva accional ou funcional (pragmática): o traballo vén definido pola tarefa final a aprender e realizar. Así, condiciónanse as necesidades lingüísticas e as actividades relacionadas. Debe estar encadrada nun contexto real, ser complexa, pretende resolver un problema. As actividades, aínda sendo guiadas, deben favorecer a autonomía do alumnado.



Os pasos metodolóxicos poden adquirir a seguinte fisionomía (lxicamente, a realidade do grupo-clase e as conclusións da avaliación inicial determinarán a súa validez ou necesaria modificación: No caso do alumnado principiante, nas primeiras semanas o enfoque principal farase na comprensión e expresión orais. Todas as unidades propoñen actividades de comprensión e expresión oral, a partir da escoita de textos reais: diálogos auténticos, cancións, etc. Ademais, os diferentes materiais convidan ao alumnado a participar constantemente en situación comunicativas que os incitan a desenvolver diferentes estratexias de interpretación e de produción de mensaxes orais.

Unha primeira fase documental consistirá na observación de textos de diversa tipoloxía para que o alumnado poda, unha vez que as súas características temáticas e formais estean establecidas, imitar, recrear e reinterpretar estes elementos estruturais nas súas propias producións. Todas estas proposicións intentan manter un equilibrio entre a práctica de textos comunicativos con propósitos, estruturas, construcións de frases ou rexistros que respectan as convencións e as suxestións de redacción máis lúdicas, abertas e creativas. Consonte este enfoque, o ensino dos devanditos niveis lingüísticos presenta una dobre faciana: por unha banda, ampliar o léxico e a mellora da ortografía, e pola outra, a ineludible reflexión sobre as cuestións gramaticais, apuntando a explicitar o coñecemento do alumno co fin de que se volva funcional en tanto que instrumento de comunicación.

A lectura implica unha serie de obxectivos:

- 1) Desenvolver o interese pola lectura.
- 2) Recoñecemento das particularidades fonéticas.
- 3) Aprender a manexar o dicionario.
- 4) Ler con autonomía “libros” en francés.



- 5) Realización de paráfrases e traducións, así como comprensión esencial dos textos guiados con preguntas (con)textuais.
- 6) Coñecemento de aspectos sociais e culturais de Francia e comparación analítica coa situación de Galicia e España.

O material complementario da comprensión e visionado de material audiovisual de diversa tipoloxía supón non só un tempo de relativo lecer, senón que será empregado para reflexionar sobre valores éticos, sobre aspectos que se encadran baixo o concepto comodín e un tanto confuso de 'transversalidade': situación dos Dereitos Humanos; as contradicións dun sistema político e social que prioriza a economía sobre as necesidades reais das persoas; introdución e reflexión sobre a cultura; introdución ao sistema intelectual francés (pensadores e pensadoras, escritoras e escritores, artistas, etc.); adestramento no proceso de equiparación do subtulado coa lingua oral dos textos audiovisuais; consolidación do proceso de aprendizaxe.

O alumnado que se incorpora ás ensinanzas de Bacharelato, en calquera das súas modalidades, ábrese a problemáticas que van máis aló da súa esfera estritamente persoal. Está a descubrir o mundo que o rodea. Aprender unha lingua é abrirse a unha realidade diferente e ser quen de introducirse e aproveitarse da potencialidade que achega a comparación coa lingua galega, coa lingua castelá, e mesmo a inglesa no proxecto previsto sobre a produción de Haikus en francés de creación propia, acompañados de imaxes, adoptando como punto de partida a tradución dos haikus-pop de Jack Kerouac. Tratándose do francés, esa realidade é múltiple: francesa e francófona. Ao longo do curso, os alumnos e alumnas han coñecer lugares e situacións diversas e mesmo linguaxes máis específicas (léxico científico, das



institucións, argot, etc). Este alumnado posúe unha serie de coñecementos e saberes adquiridos ao longo das etapas do ensino obrigatorio. As metodoloxías comunicativas axudan a reproducir na clase as situacións de uso en contextos auténticos, ao tempo que, para desenvolverse nelas, achegan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo previo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos; reflexión sobre as estratexias de comunicación e de aprendizaxe, etc.) que han posibilitar a realización das tarefas comunicativas propostas.

O enfoque debe estar baseado na acción, na actividade social, no uso da lingua, tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo MCERL. Neste enfoque, a selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade de uso da lingua que se vai realizar. Os contidos introducíranse, entón, en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica; e a súa presentación de xeito indutivo farase no marco das correspondentes tarefas e de forma integrada coas necesidades lingüísticas para levar a cabo a tarefa, a acción, con corrección e coherencia.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O contexto actual en que o COVID 19 pode condicionar o tipo de ensino do que debe gozar, en tanto que dereito básico, o alumnado require dunha complementariedade de materiais e recursos didácticos. Por iso, a aula virtual e o blog de francés (<https://iesamesfrangal.blogspot.com>) forman parte en tanto que repositorios de recursos e materiais didácticos.

Libros de texto para 1º e 2º idioma

IESP AMES
DEPARTAMENTO DE LINGUA FRANCESA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2020-2021



1º de ESO: *En spirale 1* Libro de texto, Oxford Educación

2º de ESO: *abcDELFL Junior Scolaire A1, Clé International*

3º ESO: *En spirale 1* Libro de texto, Oxford Educación

4ª ESO: non se puxo libro

1º de BACHARELATO: *abc DELFL Junior Scolaire B1, CLE International.*

2º de BACHARELATO: non se puxo libro

Libros de lectura guiada en clase con actividades elaboradas polo profesorado:

- a) No nivel inicial A1 (1º ESO) *Nina et la clé du temps; Une vie de chats.*
- b) En 2º ESO, *Nuit de tempête et Les baby sitters.*

Neste nivel inicial A1 as lecturas voluntarias sairán doutros libríños do nivel de 1º e 2º ESO.

- c) No nivel medio, A2 (3º ESO), *La nuit mouvementée de Rachel.*
- d) En 4º ESO, as lecturas obrigatorias serán: Aurélie Valognes: *Mémé dans les orties*: pp. 9-31; Fouad Laroui: *Une année chez les français*: pp. 9-29; Leïla Slimani: *Chanson douce*: pp. 13-31; as lecturas voluntarias serán diferentes por trimestre e sairán das mesmas obras que as obrigatorias, engadindo unha a maiores: Aurélie Valognes: *Mémé dans les orties*: pp. 32-46; Fouad Laroui: *Une année chez les français*: pp. 30-37; Leïla Slimani: *Chanson douce*: pp. 32-42; François Bégaudeau: *Entre les murs*, pp. 11-27.

- e) No nivel B1 (1º de BAC) traballaránse as seguintes lecturas: Sylvain Tesson: *Sur les chemins noirs*: pp. 15-40; Valérie Tong Cuong: *Par amour*. pp. 11-30; Laurent Gounelle, *Le jour où j'ai appris à vivre*: pp. 11-34; Dominique A: *Ma vie en*



morceaux, pp. 13-78; Lectures volontaires: (différentes par trimestre): Sylvain Tesson: *Sur les chemins noirs*: pp. 41-57; Valérie Tong Cuong: *Par amour*: pp. 31-62; Laurent Gounelle, *Le jour où j'ai appris à vivre*: pp. 35-56.

Procurarase levar a cabo o proxecto educativo 'Compartindo Haikus', que ten como finalidade a creación de haikus e a aprendizaxe dunha serie de valores vinculados coa reflexión, coa descrición en francés e coa argumentación en debates de curto alcance, cuxo desenvolvemento se realiza ao longo de todo o curso e que busca o diálogo coa linguaxe audiovisual (*Las Estaciones de la vida*, de Kim Ki-Duk, 2003; *Le Renard et l'enfant*, 2007). Igualmente, la biografía de Dominique A será traballada a través da exposición dos seus capítulos que finalizan todos cunha poemacanción que os alumnos e alumnas terán que expoñer en 5 minutos.

Ademais dos manuais de texto, o corpo docente ten á súa disposición un material complementario variado:

Exercicios de gramática progresiva.

Textos de procedencia diversa.

Karaoke en vídeo de cancións populares.

Curtametraxes e longametraxes en versión orixinal francesa con subtítulos

Cancións adecuadas aos intereses e idades do alumnado.

Gravacións da TV5 actuais: telexornais, debuxos animados, concursos, partes metereolóxicos, etc.

Uso das TIC

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO



A avaliación será continua e progresiva, coa implicación que representa a efectos de probas de recuperación. O departamento diferenciará os criterios de cualificación en función da etapa educativa e das particularidades de cada un dos cursos no caso do Bacharelato.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (A1 / A2)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa finalidade de achegar equilibrio e estabilidade ao proceso avaliativo, estableceranse diferentes actividades e probas de avaliación por trimestre. A cualificación final de cada unha das tres avaliacións farase segundo os seguintes criterios:

NIVEL A1 (1º e 2º ESO)

O 90% da nota global corresponderá ao coñecemento da lingua estranxeira desglosado da maneira seguinte:

Exame escrito comportando gramática, vocabulario e redacción 4 puntos

Para avaliar a práctica de comprensión e expresión oral realizaranse diferentes probas (dictado, conversa, escoita de documentos de audio adaptados ao ser nivel, exposicións orais) que Terán un valor de 5 puntos .

NIVEL A2 (3º e 4º ESO)

O 90% (9 puntos da cualificación), corresponderá ao coñecemento da lingua estranxeira, desglosado da maneira seguinte:



Lexique: 1 point

Grammaire: 2.50 points

Expression écrite (rédaction): 0,50 points

[Estas tres primeras entran no control máis importante de cada avaliación que sumará 4 puntos]

Compréhension écrite (traduction): 1 point

Compréhension orale (audio (1) + dictée(1)): 2 points

Expression orale (lecture): 1 point

Expression écrite (dictée): 1 point.

Attitude: 1 point (10% da qualification globale)

Bonus supplémentaire de 0,50 points à través la lecture volontaire

Aspects qui représentent la perte de ponctuation en attitude:

FM = faute matériel. À partir du troisième appel -0,10 (non récupérable)

FT = faute travail. Chaque faute -0,10 (récupérable)

FR = faute retard travail. -0,15 chaque jour de retard en classe (la soustraction se fait sur la note du travail)

FRe = faute respect. - 0,10 chaque faute (non récupérable)

Fcex = faute copie examen = annulation des questions copiées (-0,10 sur note attitude non récupérable et sur le global de la note du contrôle)



Este 10% fala de esforzo, de comportamento na aula, de respectar as indicacións docentes, de respectar a integridade da contorna e dos seus compañeiros e compañeiras, da progresión na aprendizaxe dunha lingua estranxeira e na comprensión dos valores que transmite.

Cada parte de amonestación consignado polo profesorado no seu caderno, sendo advertido o alumno ou alumna deste feito, implicará a perda de -010 ptos na cualificación das actitudes.

Para superar a materia coa nota mínima (suficiente condicionado) será preciso que o alumno ou alumna chegue a 4 de 9 en contidos.

Unha nota inferior a un 2,50 sobre 10 nun exame ou control non será considerada válida para facer media.

A non entrega dunha tarefa obrigatoria significará un cero en dita actividade; en consecuencia, dita nota non será considerada válida para facer media.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A PROMOCIÓN DO ALUMNADO EN SETEMBRO

Dadas as condicións nas que se desenvolve a convocatoria extraordinaria (unha proba que pode acadar unha duración de entre 60 e 90 minutos), a cualificación poderá corresponder ao 100% da nota global do xeito seguinte:

Léxico: 1.50 punto

Gramática: 2.50 puntos



Paráfrase, tradución, comentario (comprensión escrita): 2 puntos

Comprensión oral (audios con respostas múltiples): 2 puntos

Expresión oral (lectura): 1 punto

Expresión escrita: 1 punto

O equipo do departamento, non obstante, poderá determinar se o 10% da nota se corresponde á entrega obrigatoria dun dossier de actividades o mesmo día e hora que ten lugar o exame de recuperación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DO FRANCÉS COMO MATERIA PENDENTE

Debido ás excepcionais condicións en que se deu o curso 2019-2020 desde mediados do mes de marzo, non hai alumnado con francés materia pendiente, xa que mesmo os casos que se deron poden recuperala de forma ordinaria ao repetiren curso. Aínda así, para que conste, existen tres mecanismos polos que se pode recuperar francés como materia pendiente ao longo do curso:

Pto 1. Entrega puntual, conforme ás normas que se establezan no inicio de curso, dun dossier de actividades que se estruturará en dúas partes, unha primeira a entregar na primeira avaliación e unha segunda, na segunda avaliación. Se o dossier resulta de correcta resolución, o profesorado comprobará que, en efecto, as actividades foron realmente aproveitadas polo alumno ou alumna, De confirmarse unha valoración positiva, o alumno ou alumna superaría a materia de francés pendiente,



Pto 2. Presentándose á proba que, formalmente e oficialmente, se convoque -no mes de xuño- para a superación de francés como pendente. A estes efectos, a inicios de curso, o profesorado entregará ao alumnado unha lista cos contidos que formarán parte da proba.

Pto 3. De resultar valorado de forma negativa, o alumno ou alumna aínda tería a opción extraordinaria do mes de setembro.

Puntuación proba de maio:

Léxico: 1 punto

Gramática: 2 puntos

Paráfrase, tradución, comentario (comprensión escrita): 2 puntos

Comprensión oral (audios con respostas múltiples): 2 puntos

Expresión oral (lectura): 1 punto

Expresión escrita: 2 puntos

A do mes de setembro respectará o baremo que se sinala no apartado superior.



EDUCACIÓN SECUNDARIA (B1)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa finalidade de achegar equilibrio e estabilidade ao proceso avaliativo, estableceranse diferentes actividades e probas de avaliación por trimestre. A cualificación final de cada unha das tres avaliacións farase segundo os seguintes criterios:

1º BAC

O 90% (9 puntos da cualificación), corresponderá ao coñecemento da lingua estranxeira, desglosado da maneira seguinte:

Lexique: 1 point

Grammaire: 2 points

Expression écrite (rédaction): 1

[Estas tres primeiras entran no control máis importante de cada avaliación que sumará 4 puntos]

Compréhension écrite : 1 point

Compréhension orale : 1 point

Expression orale : 1 point

Expression écrite : 1 point

Attitude: 1 point (10 % da qualification globale)



Travail proposé pour la maison: 1 point

Bonus supplémentaire de 0,50 points à travers la lecture volontaire

Aspects qui représentent la perte de ponctuation en attitude:

FM = faute matériel. À partir du troisième appel -0,10 (non récupérable)

FT = faute travail. Chaque faute -0,10 (récupérable)

FR = faute retard travail. -0,15 chaque jour de retard en classe (la soustraction se fait sur la note du travail)

FRe = faute respect. - 0,10 chaque faute (non récupérable)

Fcex = faute copie examen = annulation des questions copiées (-0,10 sur note attitude non récupérable et sur le global de la note du contrôle)

Este 10% fala de esforzo, de comportamento na aula, de respectar as indicacións docentes, de respectar a integridade da contorna e dos seus compañeiros e compañeiras, da progresión na aprendizaxe dunha lingua estranxeira e na comprensión dos valores que transmite.

Cada parte de amonestación consignado polo profesorado no seu caderno, sendo advertido o alumno ou alumna deste feito, implicará a perda de -010 ptos na cualificación das actitudes.

Para superar a materia coa nota mínima (suficiente condicionado) será preciso que o alumno ou alumna chegue a 4 de 9 en contidos.

A nota elevarase á seguinte numeración (redondeo) superando o '75.



2º BAC

9,50 puntos teóricos que se segmentan da seguinte maneira:

Lexique: 1 point

Grammaire: 2.50 points

Rédaction: 2 points

Audio: 1 point

Résumé: 2 points

Paraphrase: 1 point

Préstase especial atención ao tipo de actividades que figuran sempre nas probas de acceso á Universidade.

O 5% de actitude fala de esforzo, de comportamento na aula, de respectar as indicacións docentes, de respectar a integridade da contorna e dos seus compañeiros e compañeiras, da progresión na aprendizaxe dunha lingua estranxeira e na comprensión dos valores que transmite.

Cada parte de amonestación consignado polo profesorado no seu caderno, sendo advertido o alumno ou alumna deste feito, implicará a perda de -0,10 pto na cualificación das actitudes.

Para superar a materia coa nota mínima (suficiente condicionado) será preciso que o alumno ou alumna chegue a 4,50 de 9,50 en contidos.

A nota elevarase á seguinte numeración (redondeo) superando o '75.



Para aprobar a asignatura será necesario obter un mínimo dun 25% da nota en cada unha das destrezas avaliadas. Por debaixo dese mínimo consideréase que hai un desequilibrio demasiado importante na adquisición.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A PROMOCIÓN DO ALUMNADO EN SETEMBRO

Dadas as condicións nas que se desenvolve a convocatoria extraordinaria (unha proba que pode acadar unha duración de entre 60 e 90 minutos), o 90% da cualificación corresponderá aos coñecementos, desglosados do xeito seguinte:

1º BAC

Léxico: 1 punto

Gramática: 2 puntos

Expresión oral: 2 puntos

Expresión escrita: 2 puntos

Comprensión escrita: 1 punto

Comprensión oral : 1 punto

2º BAC

Léxico: 1 punto

Gramática: 2 puntos



Expresión oral: 1 punto

Expresión escrita: 2 puntos

Comprensión escrita: 2 puntos

Comprensión oral: 1 punto

O 10% restante corresponderase ao dossier de actividades que o alumnado deberá entregar de forma obrigatoria o mesmo día e hora do exame de recuperación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DO FRANCÉS COMO MATERIA PENDENTE

Como xa se fixo constar, non hai alumnado con francés materia pendiente no presente curso. Aínda así, existen tres mecanismos polos que se pode recuperar francés como materia pendiente ao longo do curso:

Pto 1. Entrega puntual, conforme ás normas que se establezan no inicio de curso, dun dossier de actividades que se estruturará en dúas partes, unha primeira a entregar na primeira avaliación e unha segunda, na segunda avaliación. Se o dossier resulta de correcta resolución, o profesorado comprobará que, en efecto, as actividades foron realmente aproveitadas polo alumno ou alumna. De confirmarse unha valoración positiva, o alumno ou alumna superaría a materia de francés pendiente.



Pto 2. Presentándose á proba que, formalmente e oficialmente, se convoque -posiblemente no mes de maio- para a superación de francés como pendente. A estes efectos, a inicios de curso, o profesorado entregará ao alumnado unha lista cos contidos que formarán parte da proba.

Pto 3. De resultar valorado de forma negativa, o alumno ou alumna aínda tería a opción extraordinaria do mes de setembro.

Puntuación proba de maio:

Léxico: 1 punto

Gramática: 2 puntos

Paráfrase, tradución, comentario (comprensión escrita): 2 puntos

Comprensión oral (audios con respostas múltiples): 2 puntos

Expresión oral (lectura): 1 punto

Expresión escrita: 2 puntos

A do mes de setembro respectará o baremo que se sinala no apartado superior.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación da práctica docente:

ACTIVIDADE INDICADORES DE LOGRO

IESP AMES
DEPARTAMENTO DE LINGUA FRANCESA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2020-2021



Planificación	De 0 a 10	De 0 a 10
Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.		
Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.		
Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.		
Planifica as clases de maneira aberta e flexible. Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos		
Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos. Motivación do alumnado Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído		
Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.		



<p>Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos. Promove a participación activa do alumnado.</p>		
---	--	--



<p>Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.</p> <p>Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.</p> <p>Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.</p> <p>Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.</p> <p>Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.</p> <p>Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave. Avaliación do proceso de ensino- aprendizaxe</p> <p>Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.</p>		
--	--	--

aprendizaxe	De 0 a 10	De 0 a 10
--------------------	-----------	-----------



Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.		
Establece medidas que permitan introducir melloras.		
Proporciona indicacións durante a realización do traballo		
Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven nas sesións de traballo.		
Favorece os procesos de autoavaliación.		
Propón actividades complementarias para mellorar durante o proceso de ensino-aprendizaxe.		
Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.		

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DERIVADAS DA MESMA

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas diversificadas.

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:



Atención individual

Subministración de material de apoio na aula

Ampliación de tempo na realización de probas

Titorías durante os recreos

Traballo selectivo con material de nivel inferior ou superior en función dos casos.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación e terán en conta a planificación levada a cabo polo departamento para a recuperación de coñecementos e aprendizaxes que non puideron ser incorporadas ao longo do terceiro trimestre do curso anterior.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado de francés ten, como é lóxico e de norma xeral, diferentes niveis, debido non só ás súas capacidades senón tamén ó ambiente sociocultural do seu entorno. Mais esta circunstancias, que serían habituais noutras materias, adquiren unha especial severidade no caso do francés optativa porque en 3º e 4º da ESO e en Bacharelato vemos alumnos e alumnas principiantes e outros que teñen un certo nivel por teren seguido con normalidade curso a curso a materia. Partindo do principio de que a heteroxeneidade debe ser unha riqueza e non un impedimento e de que a ningún membro do equipo docente lle gusta prescindir de alumnado que escolle a súa materia, atopámonos con situacións moi dificultosas nalgúns casos. Trátase de combinar a programación caso por caso de actividades orais e escritas para que o alumnado máis avanzado non perda a súa motivación e para que os de nivel menos desenvolto se sintan capaces de realizar as tarefas programadas e acadar os obxectivos. Cómpre adaptar as metodoloxías para atender as necesidades de todo o alumnado. As interaccións na aula deben estar enfocadas para crear, facilitar os intercambios entre os



diferentes niveis que non poden ser impermeables. O equipo docente favorecerá a cooperación e a solidariedade entre os alumnos e alumnas. O alumnado debe aprender a non facer xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión e expresión dos seus compañeiros ou compañeiras. Ao final de cada lección, o equipo docente, consciente das dificultades de certos alumnos e alumnas facilitaralles actividades de reforzo ben seleccionadas, mentres que os de niveis máis avanzados fan exercicios que conlevan unha dificultade engadida.

O proxecto “Compartindo Haikus” ten a finalidade de inscribirse filosoficamente na necesidade de desacelerar, de reducir o terrible ritmo ao que se vén sometidos nenos e nenas. Coa desaceleración e a pausa reflexiva trabállase mellor para acadar a inclusión de todo o alumnado. O traballo cooperativo permite solventar, ademais, en ocasións as lagoas que o neno ou nena poda experimentar.

14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Aínda que con carácter xeral o Departamento traballará nos valores éticos e morais reflectidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, cómpre especificar que, con respecto ao especificado no artigo 4.1., farase especial fincapé no espírito cooperativo e solidario, antes ca no de emprendemento, firmemente enraizado no carácter competitivo e individualista do sistema capitalista. A escola debe ensinar a vivir en sociedade, a convivir, a crear os marcos de respecto por un mesmo e polos demais. Aproveitaranse os diversos materiais para, sen necesidade de sermonear -que provoca normalmente unha actitude de rexeite e bloqueo no alumnado adolescente-, incidir na perigosa vaga de comportamentos xenófobos en toda Europa para coas persoas migrantes e refuxiadas e na democrática necesidade de afianzar os marcos de convivencia que deben xirar ao redor do respecto polas diferenzas sen estigmas. A igualdade e a erradicación dos



comportamentos machistas, a urxente inclusión das persoas con diversidade funcional, a prevención da violencia así como o recoñecemento do diálogo como camiño para avanzar na resolución pacífica dos conflitos son algúns dos valores éticos e morais que impregnarán con normalidade e naturalidade toda a praxe docente.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ante o actual contexto de desfeita que nos deixa o COVID 19 para a realización de actividades colectivas, o departamento tomou a decisión de suprimir as actividades que normalmente realiza, como a viaxe a París ou a asistencia a representacións teatrais e cinematográficas.

- A elaboración do proxecto 'Compartindo haikus' en 1º BAC implicará varias saída a pé do alumnado na contorna natural que rodea ao centro educativo para percibir o ritmo das estacións do ano na natureza e realizar así as diferentes tarefas deseñadas polo docente.
- O noso departamento participará na celebración das datas máis importantes do noso calendario, e nas actividades suxeridas polos distintos estamentos do centro.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación íntegra poderá consultarse a través das copias que se depositan no centro e os aspectos máis destacados na web do instituto. A programación será revisada durante todo o curso. En cada reunión do departamento realizaranse propostas de mellora co fin de levar a cabo as modificacións oportunas. A revisión, a avaliación e a modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.



17. PLAN LECTOR

A lectura de calquera tipo de documento en lingua estranxeira contribúe ao coñecemento en comunicación lingüística e, dunha maneira ou doutra, é práctica cotiá nunha clase de idioma. En francés, o alumnado dispón indistintamente dos fondos bibliográficos do departamento e da biblioteca do centro. Estes materiais están constituídos esencialmente por dicionarios e textos literarios en francés adaptado ao nivel do alumnado. Nunca son suficientes para o segundo idioma onde os grupos son numerosos. Por conseguinte, o departamento procederá no primeiro trimestre á revisión dos fondos existentes para avaliar as nosas necesidades e facer unha proposta de adquisición para a biblioteca do centro e o departamento.

A selección dos títulos farase segundo os niveis, os intereses dos alumnos e os contidos transversais. O empréstito dos fondos xestionarase directamente dende o departamento. O alumnado visitará a biblioteca para coñecer os materiais dispoñibles e serán informados dos fondos existentes no departamento. En todas as clases e niveis adicaranse 10 minutos á lectura adaptada ao nivel de coñecemento dos alumnos e alumnas, dende a “comprensión de instrucións básicas presentadas por escrito” en A1 (1º/2º ESO) ata a lectura comprensiva de documentos auténticos en soporte impreso ou dixital nos niveis máis altos. O manexo de documentos escritos (libro de texto, xornais impresos ou dixitais, revistas, páxinas web, dicionarios, etc.) é obrigado e constante para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira e por ende para a formación do alumnado. En todos os niveis, a lectura dos documentos implica a realización de actividades para extraer a información necesaria para a elaboración doutro traballo e/ou comprobar o grao de comprensión do texto. O departamento participará nas diversas actividades interdisciplinares programadas dentro



do proxecto lector da biblioteca, e incluíra en todos os cursos traballos en relación coa linguaxe poética, tema elixido polo centro para articular as mesmas. Ao longo do curso adaptará a súa programación inicial seguindo as propostas que se lle acheguen tanto da biblioteca coma doutros estamentos de centro.

A1 (1º/2º de ESO)

Este alumnado inicia a aprendizaxe dunha lingua estranxeira se ben, loxicamente, con carácter de “faux débutant” en 2º ESO. No primeiro trimestre trátase de iniciar ou refrescar noións básicas de fonética para unha correcta expresión oral. A lectura formará parte constante do proceso de ensino-aprendizaxe. E permitirá non só comprobar a evolución do alumnado, senón que facilitará comprobar a adquisición de aspectos léxicos, gramaticais ou pragmáticos traballados con anterioridade nos dossiers. De forma complementarias, o alumnado familiarizarase á comprensión oral a través do mundo audiovisual (curtametraxes, longametraxes, documentais , bandas deseñadas, todo procurando subtítulos en galego) e o mundo das cancións.

A2 (3º/4º de ESO)

O alumnado fará as lecturas programadas para cada curso [enumeradas máis arriba] e animarase a que lea de forma voluntaria algo en cada trimestre e contestar a cuestionarios que permitan verificar o grao de comprensión da lectura. Tamén farán resumos dos textos lidos. Poderá escoller os títulos que lles resulten máis atractivos. Terase en conta na nota final as lecturas feitas con carácter voluntario. Estudarase a posibilidade de traballar na biblioteca en función das características de cada grupo.



En 4º de ESO o alumnado desenvolverá tarefas de aprendizaxe relacionadas co Club de Letras e co Proxecto de Memoria Histórica. Ao mesmo tempo, en relación ao proxecto que se traslada á Biblioteca, farán distintos traballos coas letras de cancións francesas, sobre aspectos semánticos, sintácticos ou contidos transversais. Comezarán a ler xornais dixitais franceses, e intentarán redactar pequenas noticias. Posto que a finalidade das actividades é fomentar a lectura en todas as súas variantes, as profesoras escoitarán as suxestións do alumnado no que atinxe tanto ao fondo coma á forma das mesmas.

B1 (1º/2º Bacharelato)

O alumnado verase confrontado á lectura de diferente material ao longo do curso. Estará o seguemento do libro de lecturas previsto para o curso e a lectura semanal de informacións procedentes de revistas e prensa francesa de actualidade. Ademais, animarase a lectura voluntaria de cando menos as seccións de diversos libros que se entregou a inicios de curso a cada alumno e alumna. Acompañarase dun breve cuestionario para verificar o grao de comprensión da lectura. Tamén farán resumos dos textos lidos. Poderán escoller os títulos que lles resulten máis atractivos. Terase en conta na nota final (bonus suplementario de 0,50 puntos) as lecturas feitas con carácter voluntario. Periodicamente irán á biblioteca para buscar a información necesaria á realización de traballos sobre temas de “cultura e civilización” e/ou transversais.

Tamén lerán na prensa impresa ou on-line novas do mundo francófono que presentarán na clase de xeito regular, unha vez ao mes.



En 1º de BAC realizaranse diversos traballos relacionados coa poesía, entendida desde os parámetros de sinxeleza do haiku xaponés, establecendo como punto de partida os haikus-pop de Jack Kerouac. Procurarase o entendemento desta praxe poética desde a súa dimensión ecolóxica (mesturando, como xa detallamos, a introdución poética co visionado dos filmes *Las estaciones de la vida* e *Le renard et l'enfant*). A finalidade é que cada alumno e alumna achegue 4 haikus en francés, desvinculados da rixidez métrica xaponesa e optando pola flexibilidade conceptual de Kerouack, por cada unha das estacións do ano, cada un coa súa imaxe ou debuxo.

Nestes cursos, á selección realizada para o proxecto lector do centro cada un dos alumnos e alumnas poderá escoller o seu cantante e a súa canción para presentar aos seus compañeiros e compañeiras seguindo o procedemento detallado máis abaixo.

Libros de lectura guiada en clase con actividades elaboradas polo profesorado:

- e) No nivel inicial A1 (1º ESO) *Nina et la clé du temps*; *Une vie de chats*.
- f) En 2º ESO, *Nuit de tempête* et *Les baby sitters*.

Neste nivel inicial A1 as lecturas voluntarias sairán doutros libríños do nivel de 1º e 2º ESO.

- g) No nivel medio, A2 (3º ESO), *La nuit mouvementée de Rachel*.
- h) En 4º ESO, as lecturas obrigatorias serán: Aurélie Valognes: *Mémé dans les orties*: pp. 9-31; Fouad Laroui: *Une année chez les français*: pp. 9-29; Leïla Slimani: *Chanson douce*: pp. 13-31; as lecturas voluntarias serán diferentes por trimestre e sairán das mesmas obras que as obrigatorias, engadindo unha a maiores: Aurélie Valognes: *Mémé dans les orties*: pp. 32-46; Fouad Laroui: *Une année chez les français*: pp. 30-37; Leïla Slimani: *Chanson douce*: pp. 32-42; François Bégaudeau: *Entre les murs*, pp. 11-27.



Igualmente, en 4º de ESO o alumnado participará no Club de Letras a través de lecturas asentadas en **Portraits de femmes dans le roman du XIXe siècle** e participará no proxecto de memoria histórica do centro a través da tradución do castelán/galego ao francés de poesías elaboradas por persoeiros antifranquistas como Marcos Ana ou Rafael Bárez.

e) No nivel B1 (1º de BAC) traballarase as seguintes lecturas: Sylvain Tesson: *Sur les chemins noirs*: pp. 15-40; Valérie Tong Cuong: *Par amour*: pp. 11-30; Laurent Gounelle, *Le jour où j'ai appris à vivre*: pp. 11-34; Dominique A: *Ma vie en morceaux*, pp. 13-78; Lectures volontaires: (différentes par trimestre): Sylvain Tesson: *Sur les chemins noirs*: pp. 41-57; Valérie Tong Cuong: *Par amour*: pp. 31-62; Laurent Gounelle, *Le jour où j'ai appris à vivre*: pp. 35-56.

Realizarase tamén o proxecto educativo 'Compartindo Haikus', que ten como finalidade a creación de haikus e a aprendizaxe dunha serie de valores vinculados coa reflexión, coa descrición en francés e coa argumentación en debates de curto alcance, cuxo desenvolvemento se realiza ao longo de todo o curso e que busca o diálogo coa linguaxe audiovisual (*Las Estaciones de la vida*, de Kim Ki-Duk, 2003; *Le Renard et l'enfant*, 2007).

Igualmente, la biografía de Dominique A será traballada a través da exposición dos seus capítulos que finalizan todos cunha poema-canción que os alumnos e alumnas terán que expoñer en 5 minutos.

Bertamiráns, 14 de Setembro de 2021

A xefa do Departamento.

Isabel Prieto Ares

Docente do Departamento

Xabier Ron



O xefe de Departamento

Docente do Departamento

Isabel Prieto Ares

